

Historia de Galicia

s. XIX e s. XX

BREVE HISTORIA DE GALICIA

(s. XIX e s. XX)

MIGRACIÓNS MASIVAS A AMÉRICA (1830-1890)

REXURDIMENTO

Movemento cultural

Finais do s. XIX
Mártires de Carral (1846)
Revitalización do galego
Cantares Gallegos (17 de maio de 1863)

AGRARISMO

Solidaridad gallega (1907)

Organización dos labregos galegos
Loita por mellorar a súa situación, pola
abolición do foro e da eliminación do
caciquismo.

IRMANDADES DA FALA (1916)

Dignificación e promoción da lingua galega

Presentan reivindicacións culturais

I ASSEMBLEA NACIONALISTA (1918)

Reivindicacións políticas

Cooficialidade do castelán e o galego
Eliminación do fraude electoral
Confederación de nacións ibéricas
Predominio do galego no ensino

PARTIDO GALEGISTA (1931)

Formación nacionalista

Unifica diferentes correntes políticas, todas nacionalistas
A revista A Nosa Terra era o seu altofalante
Aprobación do Estatuto de Autonomía (1936)

GUERRA CIVIL (1936-1939)

Represión ata os anos 40

Persecución, violacións e asasinatos
sistemáticos a políticos, mestras, sindicallis-
tas, intelectuais...
Exiliados, fuxidos e maquis

EMIGRACIÓNS

1880-1930 cara a América
1959-1979 migracións intraeuropeas
1960-1975 cara a zonas de España industrializadas

CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA (1978)

ESTATUTO DE AUTONOMÍA (1981)

Aa Os adverbios

De lugar

Podemos expresar gradación segundo a maior ou menor proximidade

aquí	aí	alí
acó	-	aló
acá	-	alá
-	-	acolá
Aquí, en primeiro termo, vemos a casa.	Aí, en segundo termo, observamos o xardín.	Alí, máis lonxe, podedes ver as montañas.

Tamén podemos expresar oposición

- **Dentro/fóra:** posición interior ou exterior: Quedou fóra da casa.
- **Preto/lonxe:** grao de proximidade ou de afastamento: A súa oficina está lonxe.
- **Arredor:** indican que o obxecto rodea ao de referencia: Van facer un roteiro arredor do monte.
- **Enriba/debaixo:** situación (superior/inferior) no plano vertical: Viven enriba de min. Debaixo teño o cine.
- **Adiante/atrás:** posición anterior/posterior: Meteuse no bar que hai máis adiante. O de atrás estaba cheo.

De modo

- **Así:** Fai o caldo así, xa verás que rico
- **Mal:** Hoxe saíume todo mal
- **Mellor:** É mellor que te levantes cedo
- **Amodo:** Baixa a velocidade, é mellor que vaias amodo
- **Adrede:** Non tiñas que saír da casa, así que viñeches adrede

De dúbida

- **Quizais:** Virá mañá, quizais cerca do mediodía
- **Se cadra:** O que vos sentará ben, se cadra, é ter tempo libre
- **Seica:** Contáronlle que seica ten ganas de cambiar de traballo
- **Talvez:** Talvez que vaia ben cambiar de aires

De negación

- **Non:** Non creo que queiras vir
- **Nin:** Nin lle nomee a festa
- **Tampouco:** Non me falou, tampouco era necesario



Ligazóns de interese

- >> Historia de Galicia
- >> Historia da cultura galega
- >> Historias de Galicia

Notas da sesión